

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**15285** *Orde APM/1259/2017, do 20 de decembro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.*

A Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, prevé un instrumento básico para contribuír a mellorar a estruturación da oferta e a integración, mediante o redimensionamento das entidades asociativas, coa figura da entidade asociativa prioritaria (EAP).

A citada Lei 13/2013, do 2 de agosto, nos seus artigos 1, 3 e 5, e na súa disposición adicional única, define a figura da EAP, establece as condicións para o seu recoñecemento, mediante o correspondente procedemento regulamentario, e crea no Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente o Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria.

Posteriormente, mediante o Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, desenvolvéronse os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.

No interese de continuar impulsando medidas que fomenten a concentración da oferta en orixe e a potenciación de grupos comercializadores de base cooperativa e dimensión supraautonómica, resulta necesario, á luz da experiencia adquirida na súa aplicación desde 2014, considerar novos elementos relativos aos volumes de facturación previstos no anexo I do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño. Todo iso mantendo o obxectivo xeral de favorecer a integración cooperativa en entidades capaces de operar en toda a cadea agroalimentaria e nos mercados nacionais e internacionais e así mellorar a renda dos agricultores e consolidar un tecido industrial alimentario nas nosas zonas rurais.

Co obxectivo de incremento da competitividade véñense desenvolvendo procesos de integración vertical no sector agroindustrial na busca da redución de custos, diminución de riscos, aseguramento de mercados e consecución dunha maior eficiencia na utilización dos recursos e as materias primas.

Neste sentido, véñense rexistrando diversos procesos de integración en cooperativas ou noutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, nas cales as actividades que realizan os asociados, de forma cooperativizada, se corresponden con procesos propios dunha integración vertical na cadea de subministración, tal é o caso, por exemplo, das actividades relacionadas coa produción de alimentos para o gando, a elaboración de pensos e a posterior cría de animais alimentados con estes.

Esta situación, que supón un avance aínda maior na integración asociativa, require unha definición precisa sobre como avaliar os valores mínimos exixidos para o recoñecemento de entidade asociativa prioritaria.

Por outra parte, tendo en conta novas evidencias sobre os sistemas de produción, transformación e comercialización dos cultivos herbáceos, resulta conveniente unha consideración específica dalgúns tipos de cultivo que responda ás características sectoriais existentes e que non foron recollidas na elaboración do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño.

Neste sentido, cabe indicar a importancia e especialización da produción do trigo duro e outras especies dentro do conxunto dos cultivos herbáceos, que debe ter o seu reflexo para os efectos de recoñecemento de entidades asociativas. En consecuencia, procede desagregar o valor correspondente ao trigo duro, así como tamén o de cereais (agás arroz), leguminosas e sementes oleaxinosas, no anexo I do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, considerando para iso a porcentaxe que representa dentro dos cultivos herbáceos sobre a base da produción nacional recollida no Anuario estatístico do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Por último, dentro do sector da alimentación animal, igualmente en atención á especialización, cabe considerar un tratamento diferenciado entre a produción destinada aos animais de compañía diferenciada da do resto das especies.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, faculta a hoxe ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os volumes de facturación a que se fai referencia no anexo I do real decreto.

Na elaboración da presente disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo I do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.*

Un. Modifícase a referencia á alimentación animal e aos cultivos herbáceos (agás arroz) prevista na alínea a) no anexo I do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, que queda redactado nos seguintes termos:

#### «ANEXO I

##### Volumes mínimos de facturación requiridos para o recoñecemento

a) Volumes mínimos para o recoñecemento por produto:

Produtos	CNAE 2009 <sup>1</sup>	Descrición CNAE	Facturación total da entidade (millóns de euros) <sup>2</sup>
Alimentación animal.	1091	Alimentación animal.	225
	1092	Fabricación de produtos para a alimentación de animais de compañía.	
Alimentación animal (excluíndo animais de compañía).	1091	Pensos para especies de produción.	217
Fabricación de produtos para a alimentación de animais de compañía.	1092	Pensos para animais de compañía.	8
Cultivos herbáceos (agás arroz).	0111	Cultivo de cereais (agás arroz), leguminosas e sementes oleaxinosas.	300
Cereais (agás arroz).	0111	Cereais (agás arroz).	255
Leguminosas.	0111	Leguminosas.	12

Produtos	CNAE 2009 <sup>1</sup>	Descrición CNAE	Facturación total da entidade (millóns de euros) <sup>2</sup>
Oleaxinosas.	0111	Sementes oleaxinosas.	33
Trigo duro.	0111	Trigo duro.	23

<sup>1</sup> Incluídos en cada epígrafe os códigos CNAE en materia de transformación e comercialización correspondentes aos produtos obxecto de recoñecemento.

<sup>2</sup> Facturación total da entidade e das súas entidades participadas (importe neto cifra de negocios). Os valores de facturación reduciranse un 30 % cando a entidade solicitante sexa unha sociedade cooperativa agroalimentaria de primeiro grao.»

Dous. Introdúcese no anexo I unha nova alínea c) coa seguinte redacción:

«c) Volumes mínimos para as integracións verticais no recoñecemento por produto: naquelas entidades asociativas de carácter agroalimentario, cuxas actividades cooperativizadas estean referidas a varias e distintas producións das mencionadas na alínea a) do anexo I e nas cales se leve a cabo unha integración vertical na cadea de subministración, o volume mínimo exixido para o recoñecemento será o 50 % da facturación establecida polos distintos subsectores para os que se solicita o recoñecemento.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de decembro de 2017. -A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.